

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE MARZO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 27 de marzo e 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de marzo de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Pedro María Vázquez Iglesias (asiste aos puntos 2a, 4a, 8a e 9a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 6a, 7a, 8d, 9d e 10c)
D. Francisco Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8c, 9c e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 13 de marzo de 2017

Retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.

b) Corrección da acta da sesión do 18 de xaneiro de 2017

Retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.

c) Acta da sesión do 16 de marzo de 2017

Retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.

d) Acta da sesión do 20 de marzo de 2017

Retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.

2.- Apertura administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún membro da Mesa manifesta ter conflito de intereses cos licitadores presentados.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. AINE MANTENIMIENTO Y CONTROL INTEGRAL, S.L.U.
 2. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.
 3. CLECE, S.A.
 4. COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.
 5. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. TERMOCALOR VIGO, S.L., INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LÉREZ, S.L.U., ANCIN CLIMA, S.A., SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL) e ELEC NOR, S.A.: deberán declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Ao non esixirse nin permitirse a clasificación como medio alternativo para acreditar a solvencia nesta licitación - apartado 6 do Anexo I do citado prego-, a solvencia deberá acreditarse, segundo a cláusula 8.4.3º polos seguintes medios:
 - Solvencia económica e financeira: “*Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato*”.
 - Solvencia técnica e profesional: “*Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. VALORIZA FACILITIES, S.A.U.: en relación coa solvencia técnica e financeira, deberá indicar unha breve descrición dos servizos executados que relaciona na súa declaración, tal e como se indica no modelo de declaración responsable recollido no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares ("*Institución Contía Ano e breve descrición do servizo executado*"), para os efectos de poder comprobar se os contratos que declara se corresponden con prestacións análogas ás do obxecto do contrato que se licita.
3. MONCOBRA, S.A.: en relación coa solvencia técnica e financeira, para os efectos de poder comprobar se os contratos que declara se corresponden con prestacións análogas ás do obxecto do contrato que se licita, se ben indica unha breve descrición dos servizos executados (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares), non se deduce que eses servizos se correspondan con prestacións análogas ás do obxecto do contrato ("*mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo que se relacionan no Anexo do PPT*" - apartado 2A do Anexo I do citado prego). En consecuencia, deberá indicar se eses contratos inclúen servizos relacionados co obxecto do contrato que se licita.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2A requirir a varios licitadores a emenda da documentación persoal.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)" (4.095-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 22 de marzo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cunqueiro (4180-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 16 de marzo de 2017, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
3. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

Non presentou documentación en prazo T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 22 de marzo de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emitiu informes sobre a xustificación presentada polos citados licitadores no que fai constar, en ambos casos, que *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta os anteriores informes e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 22 de marzo de 2017:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
3. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado o 22 de marzo de 2017 polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (informe sobre B e proposta clasificación)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Retírase este asunto por non estar presente na sesión o xefe do servizo xestor deste expediente, vogal da Mesa de Contratación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado o 22 de marzo de 2017 polo xefe de Participación Cidadá de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación. Na mesma sesión, o xefe de Participación Cidadá entrega a cada un dos membros da Mesa un exemplar do informe de data 27 de marzo de 2017 que rectifica o anterior.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado o 23 de marzo de 2017 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado o 22 de marzo de 2017 polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

Retírase este asunto por non estar presente na sesión o xefe do servizo xestor deste expediente, vogal da Mesa de Contratación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado o 27 de marzo de 2017 polo xefe de Participación Cidadá de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado o 23 de marzo de 2017 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

Retírase este asunto por non estar presente na sesión o xefe do servizo xestor deste expediente, vogal da Mesa de Contratación.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación xuízo de valor	Puntuación a través de fórmula	Puntuación total
PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD, S.L.	7	75,85	82,85
SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	11	54,21	65,21

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
173,6

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.719,89 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, da empresa CONSERNOR, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 22 de marzo de 2017:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
3. NEMESIO ORDOÑEZ S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	96,21
2	EXTRACO, S.A.	95,67
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,29
4	HIDROMIÑO, S.L.	94,96
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,90
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	94,60
7	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,58
8	C. D. INDEPO, S.L.	94,16
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,70
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	93,53
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	93,26
12	NAROM, S.L.	92,81
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,48
14	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,47
15	HORDESCON, S.L.	90,86
16	ORECO, S.A.	90,30
17	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,15
18	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	90,03



	Empresas	Puntuación
19	UTE ACEVI S.L. - ALVAC, S.A.	89,74
20	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	89,71
21	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	88,58
22	UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	87,91
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,57
24	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. - REYCONS, S.L.	85,60
25	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	70,35
26	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	56,55

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.036,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449) (interposición de recurso)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D. Miguel Ángel Rodríguez Presumido, en representación de SABA APARCAMIENTOS, S.A., contra o acordo de adxudicación deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 09:59	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD47-CF3241-CEB7A5-3DQDDP-62F1UR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		